



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2024

SERVIZO GRATUÍTO DE AUDITORÍA PARA SOCIEDADES PROFESIONAIS, INCLUÍDO NO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

É prioridade do ICA Santiago que todos os nosos colexiados e colexiadas poidan contar coa protección máis adecuada para exercer a súa actividade profesional e, para isto, dende hai anos temos contratada a póliza de responsabilidade civil que o colexio subvenciona nun 50 % aproximadamente.

Queremos lembraros que **este seguro de responsabilidade civil do colexio dá cobertura ás sociedades monodisciplinares, sempre que estas estean formadas na súa totalidade por letrados colexiados dados de alta na póliza**. Porén, é moi importante ter en conta que existen situacións en que a póliza colexial non dá cobertura á sociedade:

- Se na sociedade hai profesionais que non son avogados.
- Se se realizan actividades que non están recollidas como labor propio da avogacía (sociedade multidisciplinar)
- Se o obxecto da sociedade vai máis aló do propio da avogacía.
- Se a sociedade está composta por letrados colexiados en diferentes colexios profesionais.

Se a vosa sociedade se atopa nalgún destes supostos ou se vos xorden dúbidas, poderedes realizar por medio de Aon unha **auditoría de riscos completamente gratuíta e sen compromiso**, para asegurarnos de que a actividade está protexida.

A auditoría lévaa a cabo un equipo de especialistas de Aon, que se encarga de todo o proceso e que inclúe:

1. Análise de riscos segundo a actividade, estrutura etc.
2. Revisión da cobertura actual (garantías, límites, franquías etc.)
3. Proposta de solucións aseguradoras a medida para mellorar a protección.

Pódese **solicitar esta auditoría** na seguinte ligazón:

<https://www.aon.es/profesionales/sociedades/#auditoria>

Para calquera ou consulta ou aclaración poderedes contactar cun especialista de Aon en: sociedades@aon.es

Achegamos un folleto informativo de Aon (PDF).